



Resolución do 21 de agosto de 2018, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Política Social, pola que se aproba a relación definitiva de admitidos/as como residentes no Complexo Residencial LUG de Lugo, para o curso académico 2018/2019.

Convocada a oferta de prazas de residentes nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social, para o curso académico 2018/2019 pola Orde do 30 de maio de 2018 (DOG N° 111 de 12 de xuño), e examinadas as solicitudes presentadas para o Complexo Residencial Xuvenil LUG pola comisión cualificadora correspondente creada ao efecto, de acordo cos criterios establecidos no artigo 9 da Orde de convocatoria.

En cumprimento do disposto no artigo 11 da citada Orde, esta xefatura territorial,

RESOLVE

- 1.- Aprobar a relación definitiva de admitidos/as como residentes para ao Complexo Residencial Xuvenil LUG de Lugo, para o curso académico 2018/2019 que figura como anexo á presente resolución, en base á proposta elevada pola comisión cualificadora.
- 2.- Facer pública dita relación mediante a súa exposición nos lugares indicados no artigo 11.1 da convocatoria.
- 3.- A adxudicación de prazas vacantes con posterioridade á resolución realizarase, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 11.3 da orde de convocatoria.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da resolución, se o acto fose expreso; se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, ou impugnalas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se é presunto, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución ou día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigo 46.1 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Lugo, 21 de agosto de 2018

A xefa territorial

María Cristina Abades Martínez

